

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3.

SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE MARZO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier (grupo municipal Socialista)
Egerique Mosquera, Teresa (grupo municipal Partido Popular)
Jácome Enríquez, Xosé Lois (grupo municipal Marea de Vigo)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vintedous de marzo do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra

Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Atópase ausente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros iniciamos Pleno do Concello, sesión extraordinaria convocada por orde do día en poder de tódalas concelleiras/os para o día de hoxe as nove horas, constatase quórum e iniciamos o Pleno.

1(37).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 17 de marzo, propuxo para o presente ano 2016 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello a concesión de Medalla da Cidade a CONXEMAR.

Por escrito de data 22 de marzo de 2016, a técnico de Relacións Públicas, Sra. Porteiro García, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, nos seus artigos 189, 190 e 191 faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións. Un regulamento especial determina os trámites oportunos.

O Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece no artigo 7º, como distinción, a Medalla da Cidade. O artigo 3º dispón que se poderá propoñer por moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros e concelleiras igual á maioría absoluta.

No exercicio das súas atribucións nesta materia, a Excma. Corporación Municipal de Vigo, propón concederlle a Medalla da Cidade, neste 2016, a CONXEMAR-Asociación de maioristas, importadores, transformadores e exportadores de

produtos da pesca e acuicultura.

A proposta reconece o papel de CONXEMAR como lugar de encontro do sector internacional do peixe conxelado, considerada entre as dúas máis importantes do mundo. A organización deste evento anual en Vigo, porto pesqueiro europeo de referencia, é iniciativa da *Asociación española de almacenistas, Importadores, transformadores e exportadores de produtos da pesca e acuicultura*, onde ten a súa sede, integrada por 222 empresas que avalan a súa capacidade de representación e defensa dos intereses do sector nos ámbitos europeo, nacional e autonómico.

Polo antedito, proponse ao Pleno da Excma. Corporación a adopción do seguinte acordo...”

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2016, a CONXEMAR, en consideración ao seu papel preponderante no desenvolvemento da cidade, por ser un instrumento de unión fundamental no sector do conxelado no noso país, pola súa relevancia e polo recoñecemento acadado no sector pesqueiro internacional.”

2(38).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 17 de marzo, propuxo para o presente ano 2016 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello o nomeamento dos seguintes Vigueses Distinguidos:

- *ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)*
- *COMESAÑA SPORTING CLUB*

- DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN
- FRANCISCO CARDAMA, S.A.
- FUNDACIÓN REDMADRE VIGO
- D^a CARMEN LAMAS PÉREZ (MENCHU LAMAS)
- XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

Por escrito de data 22 de marzo de 2016, a técnico de Relacións Públicas, Sra. Porteiro García, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189, 190 e 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5^o.3. Do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar *“á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.*

A facultade de nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais”.

A proposta do presente ano 2016, segundo notas recollidas no expediente, é a seguinte:

- ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)
- COMESAÑA SPORTING CLUB
- DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN
- FRANCISCO CARDAMA, S.A.
- FUNDACIÓN REDMADRE VIGO
- D^a CARMEN LAMAS PÉREZ (MENCHU LAMAS)

•XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)

Constitúese en 1977 para traballar a prol da integración das persoas con minusvalía física, nos Centros de Educación Ordinarios, na provincia de Pontevedra, por iniciativa de un grupo de familias viguesas. A misión de APAMP é contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con parálise cerebral ou afín, prestando os apoios necesarios, tanto a eles como as súas familias, e facilitando oportunidades para que poidan tomar as súas propias decisións e participar activamente na sociedade.

A súa prioridade é a atención centrada nas necesidades das persoas e, especialmente, conseguila para as non atendidas. Son membros da Comisión Permanente do Consello Local de accesibilidade e participan nas políticas municipais de atención, inserción social e calidade de vida, dirixidas a este sector da poboación.

COMESAÑA SPORTING CLUB

O club, xa centenario pois foi fundado en 1915, é o decano do atletismo galego e o terceiro máis antigo de España. Recibe o seu nome do barrio onde naceu e segue a súa sede, San Andrés de Comesaña, da que saíron os primeiros atletas e na que consegue os maiores apoios. É todo un referente no campo a través e fondo galego.

O evento emblemático do club é o “Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través” que se ven organizando dende 1978, convertida na gran proba clásica do campo a través galego.

DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN

Xorde en 1989, por iniciativa de familias, para responder ás necesidades das persoas con este síndrome e outras discapacidades intelectuais, e para procurar a súa integración mellorando aqueles aspectos que afectan a súa calidade de vida.

Procuran o exercicio efectivo dos seus dereitos, deberes e liberdades fundamentais para o seu desenvolvemento integral como persoas a través da plena inclusión social e do emprego dos recursos ordinarios da comunidade, segundo se establece na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

ESTALEIROS E VARADEIROS FRANCISCO CARDAMA S.A. (CARDAMA)

Fundado en 1916 por Francisco Cardama Godoy, adicouse á construción e reparación naval. Na súa orixe traballábase con madeira e a transición ao aceiro levouno a adicarse preferentemente á reparación durante case medio século. A actual sociedade, CARDAMA, xorde tras da fusión, en 2000, co estaleiro *Asgalo*. En 2001 construíron o remolcador *Charuca Silveira*, que queda na nosa historia pola súa intensa actividade durante o desastre do Prestige.

Están consolidados coma un dos construtores de buques máis prolíficos de España coa construción dunha grande variedade de embarcacións para Europa e Africa, mantendo a transformación e reparación naval. En 2010 se incorporaron á innovación en enerxías renovables, co "Proxecto Magallanes", que constrúe unha plataforma flotante para a xeración eficiente de enerxía mareomotriz. En 2014, CARDAMA rehabilitou o histórico arrastreiro, Bernardo Alfageme, instalado en Coia en 2015.

CARMEN LAMAS PÉREZ (MENCHU LAMAS)

Carmen Lamas Pérez, que asina toda a súa obra como Menchu Lamas, é unha figura central da pintura contemporánea española. Debutou en Vigo en 1974 nunha histórica exposición colectiva na Praza da Princesa. Tamén aquí, en 1980, formou parte do equipo fundacional de Atlántida, xunto a Antón Patiño, Anxel Huete, Guillermo Monroy e Román Pereiro.

En 1982 realizou a súa primeira exposición individual na Galería Buades de Madrid, e nesa década participou nalgúns das mostras colectivas máis importantes do arte español contemporáneo como "26 pintores/ 13 críticos", "II Salón de los 16", "Bienal Nacional de artes plásticas", "Cinco nombres de mujer".

Realizou múltiples exposicións individuais en España, Alemaña, Italia e Marrocos e participou en diversas mostras colectivas en distintos países. As súas obras están presentes no Museo de Arte Contemporáneo de Madrid, el Museo Patio Herreriano de Valladolid, el Museo Reina Sofía, no Museo Quiñones de León e en diversas coleccións.

FUNDACIÓN REDMADRE VIGO

Red Madre é unha Fundación creada en 2007, co propósito de activar unha rede solidaria de apoio, asesoramento e axuda a muller para superar calquera conflito xurdido ante un embarazo imprevisto.

Deste xeito informan sobre os apoios e axudas, tanto públicas como privadas, que poida recibir para levar a cabo a bo término o seu embarazo.

XUNTA DE PERSOAL ÁREA SANITARIA DE VIGO

Desde a constitución desta Xunta de Persoal en maio de 2015, que agrupa a 7.000 traballadoras e traballadoras, central o seu labor na defensa da Sanidade Pública.

As súas prioridades son a denuncia da situación que atravesamos a sanidade pública nesta súa área de influencia, pola crecente privatización do Hospital Álvaro Cunqueiro, o progresivo desmantelamento do Hospital do Meixoeiro, e coa demanda do mantemento do anexo do antigo Hospital Xeral para servizos sanitarios.

Procédese á votación:

•*ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)*

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

•*COMESAÑA SPORTING CLUB*

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

•*DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN*

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

•*FRANCISCO CARDAMA, S.A.*

VOTACIÓN.- Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dúas

abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señor e señora López Barreiro e Pérez Correa, queda aprobada a proposta.

•*D^a CARMEN LAMAS PÉREZ (MENCHU LAMAS)*

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

•*XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO*

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

•*FUNDACIÓN REDMADRE VIGO*

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Queremos trasladar ao Partido Popular a petición de retirada desta proposta pola controversia social que supuxo esta proposta e sobre todo porque rompe o espírito do que é o galardón e a consideración de Vigueses Distinguidos, con este galardón preténdese recoñecer sempre e en tódolos casos, tanto sexa a persoas, a colectivos ou entidades, un arraigo na cidade, unha presenza continuada e prolongada, tamén unha traxectoria da entidade ou persoa que se propón, unha implantación na cidade e na tarefa que se desenvolve e tamén un rasgo moi importante un recoñecemento da cidade cara a entidade ou persoa que se propón. Nesta proposta que vostedes fan, nada deste espírito se cumpre e a comprobación e a constatación foi a controversia social que se produciu, estamos claramente ante unha proposta de carácter partidista que non debe ter lugar nun galardón como o de Vigués Distinguido que é o máis importante que outorgamos dende o Concello e dende a cidade.

Polo tanto, fronte a esta proposta nós queremos manter o espírito nos conceptos

que dicía anteriormente, deste galardón de Vigués Distinguido e nese sentido pedimos, como dicía ao principio, que o Partido Popular considera a retirada desta proposta que fixo, e fronte a esta proposta nós dende o noso grupo propoñemos que sexa considerado co galardón de Vigués Distinguido a Cáritas Diocesana Tui de Vigo, precisamente esta entidade atesoura tódolos valores, consideracións e tódolos méritos que anteriormente dicía, estamos evidentemente ante un contraste, eu apelo á responsabilidade do Partido Popular, apelamos á reflexión para que precisamente este consenso que se mantivo durante moitos anos con algunha excepción por parte do Partido Popular se manteña e que precisamente preservemos e por iso facemos esta propostas de que sexa tomada en consideración Cáritas Diocesana Tui de Vigo que como dicía antes, atesoura tódolos valores que deben facer méritos para ser galardón de Vigués distinguido. Conclúo, apelamos ao Partido Popular a ese grao de responsabilidade para que estes galardóns manteñan o seu espírito, pedimos que retiren a proposta da entidade Red Madre porque evidentemente non ten unha presenza na nosa sociedade e é o que debe valorarse fundamentalmente, e propoñemos alternativamente e dende logo con tódolos merecementos a Cáritas Diocesana Tui de Vigo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font e señores do Partido Socialista, buscar escusas de mal pagador para non apoiar a labor dunha ONG asistencial é bastante feo, e sobre todo argumentar cousas que son radicalmente falsas, é unha falsidade que haxa unha falla de implantación e de arraigo na cidade desta Asociación que leva facendo o seu traballo durante nada máis e nada menos que nove anos, hai algúns Viguéses Distinguidos que hoxe aceptado e que votamos que levan moito menos tempo nesta cidade.

Pero os Viguéses Distinguidos sempre se consideraron pola súa altura de miras, pola vontade de entendemento pola vontade de cooperación e polo traballo de tódalas asociacións e polo traballo por e para as viguesas/es, Red Madre cumpre exactamente e con creces eses requisitos e por iso este grupo municipal propuxo que se valore a labor asistencial que fai unha asociación en favor das mulleres, da igualdade e en favor da liberdade que vostedes, está claro, non queren compartir. Pero non nos veñan con escusas para non compartir e non veñan con propostas

alternativas como Cáritas Diocesanas que nós por suposto que apreciamos, valoramos e cremos que deberían ser Vigueses Distinguidos tamén, por suposto. Pero esa non é a discusión no día de hoxe, buscan vostedes unha escusa torticera para non apoiar a labor asistencial dunha organización por motivos ideolóxicos, unha auténtica persecución ideolóxica é o que están vostedes a facer e os seus amigos e compañeiros da Marea de Vigo.

Vostedes están votando agora e están a propoñer non valorar a unha asociación que atende a unha muller como Celia que con 17 anos que se queda embarazada e a que o seu pai a bota fora da casa, non ten a onde ir e Red Madre dálle un fogar e unha asistencia para que poida exercer o seu dereito a ser nai, están votando en contra de Olga e de Miguel unha parella que se queda sen traballo, que está embarazada que quere levar adiante a súa familia e non ten recursos, está votando en contra de Isabel de 33 anos, de nacionalidade ecuatoriana á que a súa parella a bota da casa cando se decata que está embarazada porque non quere ter máis fillos e ela quere seguir adiante co seu embarazo, están vostedes votando en contra e propoñendo que se cambie case mil mulleres que axudou Red Madre ao longo de todos estes nove anos de vida. En definitiva, parécenos lamentable ese ataque a unha ONG asistencial, parécenos lamentable que se ataque a unha ONG que fai apoio a mulleres en situación desfavorable e as mulleres temos que apoiarnos entre nós, a todas, tamén as queren ser nais necesitan un apoio.

O traballo de Red Madre fai un Vigo mellor, máis solidario, máis igualitario, máis libre e por iso debemos apoiar ese traballo, e fomentar traballos de asociacións como Red Madre en favor de tódalas mulleres de Vigo, o lema de Red Madre é “nunca estarás soa” gracias a Red Madre moitas viguesas non se sentiron soas, como non apoiem esta proposta vostedes deixarán ás mulleres viguesas moito máis soas, tódalas que queiran ser nais e teñen o dereito a elo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Nós consideramos primeiro que esta proposta desta asociación non ten o consenso que debería para un premio tan importante como é o de Vigueses Distinguidos, penso que ten que ser unha proposta de consenso e isto evidentemente está claro que non o é. Nós non estamos de acordo con esta proposta porque se trata dunha organización que está en contra das mulleres que deciden abortar, para o que levan a cabo dinámicas que poderían incluso

denominar como acoso ás mulleres que deciden interromper un embarazo non desexado.

Sra. Muñoz, se para que as mulleres sexan libres de ter os fillos que queiran, que xa o son porque non hai ningunha lei que diga o contrario, o que hai é que facer políticas sociais e de leis que amporen a esas mulleres por igual, non hai ningunha muller que teña ningún problema por querer ter un fillo, pero sen embargo se hai mulleres que teñen problemas por querer abortar, por lei, ou sexa que ese argumento parécenos ás que sabemos un pouco diso, un pouco peregrino.

Nada máis, moitas gracias porque neste Pleno se nos dera a ocasión de poder votar as propostas por separado porque senón sería un conflito maior, estou de acordo en que o Partido Popular faga outra proposición doutra organización e estamos de acordo con Cáritas, ou sexa que se se propón a Cáritas diríamos que si evidentemente.

SR. LÓPEZ FONT: É lamentable Sra. Muñoz que quixera converter o galardón de Vigueses Distinguidos nun debate ideolóxico e nunha proposta claramente partidista. O que debe presidir estes galardóns é o consenso, é a defensa do espírito de Vigo e llo dicía anteriormente, unha traxectoria, unha implantación e un arraigo na cidade e neste caso certamente non se cumpre. Por facerlle historia, 55 galardóns dende o ano 2007 saíron como Vigueses Distinguidos co consenso de tódolos grupos, e este grupo sempre votou a favor de tódalas propostas feitas polo Partido Popular, polo tanto, aquí o que houbo é unha controversia social que vostede non souberon valorar, vostedes fixeron unha proposta de carácter claramente partidista e a utilización que fixo hoxe das mulleres é absolutamente vergoñenta precisamente por facela unha muller. Sabe o que necesitan as mulleres? Dereitos, sabe o que necesitan as mulleres fronte aos recortes do Partido Popular? Dereitos reais, iso é o que necesitan as mulleres e polo tanto é unha auténtica vergoña o que o Partido Popular quixera traer un debate de carácter ideolóxico e de carácter político, cando queira podémolo facer sobre os aspectos que queira pero nós non imos converter este debate do galardón de Vigueses Distinguidos nun debate político. Somos precisamente e dado que vostede o mencionou, o goberno que garante ás mulleres os seus dereitos.

Cando me fala de asistencial, evidentemente a proposta que facemos nós de

Cáritas se que é o concepto de axuda, de asistencia e de defensa dos que máis o necesitan, a proposta que fan vostedes é só unha proposta de carácter partidista coa intención, como levan dende o primeiro momento desta lexislatura, de crear controversia e o peor Sra. Muñoz é que vostede se converta como muller en contra dos dereitos da muller.

Nós defendemos o espírito do galardón de Vigueses Distinguidos e o defendemos dende o ano 2008, seguímolo defendendo e é unha vergoña que vostedes, utilizando nomes de mulleres como fixo vostede, que o que necesitan son dereitos, propuxera esta entidade, nós defendemos os dereitos, practicámolo día a día na nosa acción de goberno e con esta proposta que lles facemos e que esperamos que non voten en contra, o que defendemos precisamente son os dereitos fronte ao concepto, nin sequera de asistencia, de beneficencia que vostedes teñen.

PRESIDENCIA: Someteremos á votación primeiro a proposta do Partido Popular, fundación Red Madre, en caso de que non saía elixida proporei a votación a proposta do Partido Socialista, Cáritas Tui-Vigo.

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezoito votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada a proposta.

Considerando o rexeitamento da Fundación Redmadre de Vigo, o voceiro do grupo municipal Socialista indica que a proposta da Alcaldía para o nomeamento de Vigúes Distinguido realizase a CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO.

(Os membros do grupo municipal do Partido Popular abandonan o Salón de

Plenos)

VOTACIÓN DA NOVA PROPOSTA DO ALCALDE.- Por unanimidade dos dezoito membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, queda aprobada a proposta.

ACORDO:

Conceder o título de Vigüés Distinguido, Reconquista 2016 ás seguintes persoas e institucións:

- ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)*
- COMESAÑA SPORTING CLUB*
- DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN*
- FRANCISCO CARDAMA, S.A.*
- D^a CARMEN LAMAS PÉREZ (MENCHU LAMAS)*
- XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE VIGO*
- CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vinte e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.